



# MES DE SETEMBRO - OUTUBRO

Resumo deportivo CP PENEDO

Club de Piragüismo Penedo

[clubpiraguismopenedo@gmail.com](mailto:clubpiraguismopenedo@gmail.com)

[clubpiraguismopenedo@outlook.es](mailto:clubpiraguismopenedo@outlook.es)

Nos meses de setembro e outubro o CP PENEDO cerra a temporada 2017 participando nas ligas galegas de Slalom Olímpico de Promoción así como nas derradeiras probas da liga nacional de Kayakpolo e no campionato de España por Autonomías.

## Concentración IBERDROLA, tecnificación nacional na Seu D 'Urgell

Despois do campionato de España de Xóvenes promesas tivo lugar unha concentración a nivel nacional cas mellores palistas na categoría feminina da liga nacional de xóvenes promesas.

Do noso club foi seleccionada Selena Fernández. Selena así como o resto de palistas do panorama nacional adestraron baixos as ordes da adestradora nacional Anaís Bouchet así como das internacionais Carmen Costa e Julia Cuchi. Sen dúbida, unhas das sesións máis especiais foi a realizada coa campioa olímpica Maialen Chourraut. Maialen transmitiulle as nenas importantes leccións de como adestrar de forma eficiente, como afrontar as competicións e a importancia de compaxinar a actividade deportiva cos estudos.



Despois dunha intensa semana aprendendo e desfrutando do slalom no máis alto nivel, o sábado regresaron para competir domingo na 4ª proba da liga nacional de slalom.

## 4ª proba da Liga Nacional de xóvenes promesas de Slalom

O domingo 3 de setembro tivo lugar en Goián a 4ª proba da Liga Galega de Slalom de xóvenes promesas en Goián.

Despois dunha xornada na que todos os nosos deportistas lograron render ao seu máximo nivel, destacaron:

- Brais, Yoel e Lito, os cales conseguiron facer triplete na categoría de C1 infantil masculino.





- Paula Ricón, a cal conseguiu vencer na categoría k1 alevín



- Valentín Varela quen a súa vez logrou impoñerse en k1 alevín e c1 alevín.





- Aarón González quen a súa vez conseguiu o segundo posto en c1 alevín



- Selena Fernández, bronce en c1 infantil feminino



Todos estes resultados unidos aos puntos aportados polo resto de rapaces permitíronlle ao club alzarse coa vitoria.





## 5ª proba da Liga Nacional de xóvenes promesas de Slalom

Este domingo os máis pequenos do noso club competiron na 5ª proba da liga galega de promoción. No cauce do río Cabe, as primeiras en competir foron Selena e Yurena que finalizaron en terceira e quinta posición respectivamente tanto na categoría de C1 coma de K1. Na canoa alevín Valentín e Aarón coparían os dous primeiros posto do caixón do pódium mentres que Dani Farrapeira finalizaría na octava posición.



Brais foi primeiro en C1 Infantil acompañándoo no pódium Lito na segunda posición. Moi perto do pódium finalizaría Yoel cunha meritoria cuarta praza. Nico finalizou sétimo mentres que Joaquín remataría décimo.







En K1 home alevín imporiase Valentín sendo Aarón octavo. A última categoría en disputarse foi o K1 infantil home na que Lito conseguiría alcanzar o segundo posto do pódium. Yoel e Brais finalizaron sexto e sétimo mentres que Joaquín en Nico rematarían décimo e undécimo.





Todas estas actuacións permitíronos subir ao máis alto do pódium na clasificación por clubes unha vez máis nesta liga !!!







## Campionato de España de kayakpolo

O fin de semana do 16 e 17 de setembro disputouse en Puerta de Hierro (Madrid) o Campionato de España de Kayakpolo.

Tras 4 partidos as nosas accederon a semifinais quedando primeiras del grupo F:

- Valdepeñas - Penedo 0 – 22
- Piragua Madrid -Penedo 4 – 1
- Picasen - Penedo 10 – 0
- Ciencias - Penedo 3 - 3

Nas semifinais enfrontáronse as segundas do grupo G impoñéndose de forma contundente:

- Alaquas - Penedo 1 - 6

Na final, despois de loitalo con tódalas súas forzas non puider ser conseguindo unha meritória segunda praza:

- Pinatar - Penedo 5 - 1

Finalizaron deste xeito a tempada como SUBCAMPIONAS DE ESPAÑA.







O Equipo Masculino, pola súa banda, despois dunha boa experiencia rematou 15°.

A consecuencia deste gran resultado, as nosas realizaron o saque de honor por cortesía do Club de Fútbol Caldelas:





## Campionato de España por autonomías Kayak polo

O fin de semana do 7 e 8 de outubro, tivo lugar en Burriana o campionato de España por autonomías de Kayak polo. A Federación Galega de Kayak polo feminina, contou coas nosas padexeiros Tamara, Mónica, Laura, Eva e Nerea. Na fase clasificatoria a federación galega quedou como sigue nos seus respectivos encontros:

- Galicia 5-2 Valencia
- Galicia 6-3 Madrid
- Galicia 2-5 Murcia
- Galicia 6-0 Andalucía
- Galicia 8-1 Castela la Mancha

Na fase de semifinais a Federación Galega venceu con autoridade imponéndose por 7 a 2 contra a comunidade de Madrid.

Na final as nosas non se puideron impor contra Murcia alcanzando finalmente unha meritoria medalla de prata.





## Campionato galego de slalom de xóvenes promesas

O domingo 8 de outubro, os nosos peques desprazáronse ata Mondariz para disputar, no cauce do río Tea, o campionato Galego de Xóvenes Promesas. Unha vez máis foron quen de render ao máximo nivel destacando os seguintes resultados:

Aarón impúxose en C1 Alevín nunha axustada proba e do mesmo xeito Valentín tamén lograría facerse co primeiro posto en k1 Alevín.



Os nosos canoístas volveron brillar ocupando as tres primeiras prazas do pódium con Yoel, Lito e Brais.



Lito, repetiría prata tamén na categoría de K1.



Selena a súa vez, foi quen de alcanzar o terceiro posto do pódium en C1 infantil muller.



Nico, Joaquín, Hugo, Dani e Yurena tamén realizaron un gran papel sumando entre todos os puntos necesarios para ser campións galegos!!!!





Moitas gracias a todos e vémonos na auga a próxima tempada!!!!